



CONCELLO DE REDONDELA

Expte nº: 3936/2023

Procedemento: Contratacións

Título: Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela

Asunto: Levantamento suspensión procedemento

Responsable: Contratación.mgm

ANUNCIO

Téndose interposto recurso especial en materia de contratación, regulado no artigo 44 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), por parte da UTE SAD-REDONDELA (Protección Geriátrica 2005, SL e Siad24 Galicia, SL), contra a adxudicación do contrato administrativo do Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela, o día 24.04.2024 publicouse na Plataforma de Contratos do Sector Público un anuncio comunicando que, segundo o artigo 53 da LCSP e o indicado polo Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia, se suspendía a tramitación da devandita contratación, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, en tanto non se resolvese por dito Tribunal o recurso presentado.

Notificada a este Concello a Resolución núm. 64/2024, de 7 de maio, do Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia faise público que:

Mediante a devandita Resolución desestímase o recurso interposto polas entidades en compromiso de unión temporal de empresas UTE SAD-REDONDELA contra a adxudicación da contratación do Servizo de axuda no fogar e levántase a suspensión do expediente de contratación producida por efecto do artigo 53 da LCSP.

O que se publica en cumprimento do principio de publicidade que rexe a contratación do sector público e que resulta da regulación contida na LCSP e nas súas normas de desenvolvemento.

Documento datado e asinado electronicamente á marxe

Cod. Validación: 6L7DEKT3CPRK5SXC657RAQ663
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

